(47)

El miércoles de 4 a 8.

27.6.58

Generalitat de Catalunya

President

Sr. Dn.

Cesar Alvajar Dieguez,

Representante de las Hermandades

Gallegas en Francia.

P a r i s.

Muy Señor mio,

El Sr. Josè Santaló, Delegado de la Generalidad en la Republica Argentina, me ha informado de su designacion como Representante de las Hermandades Gallegas de America en Francia.

Tendria pues mucho gusto en entrevistarme con Vd. para hablarle de los propositos de Gallegos, Vascos y Catalanes que Vd. debe ya conecer y de la declaracion que publicaran el 14 de Julio en Buenos Aires.

Para su informacion me permtio indicarle que el miercoles dia 2 estare en Paris y mucho le agradeceria tuviera la bondad de designarme dia y hora para poderle saludar. Al mismo tiempo me placeria conversar con Vd. de los deseos de nuestros compatriotas.

En espera de sus noticias y con gracias anticipadas le saluda bien cordialmente,

Josep Tarradellas.

27 Junio 1958

Saint Martin le Beau.

( Indre & Loire )

Bs Aires 27 de Xuño de 1958

Conselo de Galiza

Presidencia

Querido Alvajar:

Sr. Cesar Alvajar

París

No noso poder a túa derradeira carta, longa e magnífica. Lémola e estamos estudiando un plan de traballo a desenrolar en París, como resposta **positiva** pros **separadores**, de acordo coas túas suxerencias. Namentras aquí **revisaremos** o noso xeito de aituar no referente as nosas relaciós cos demais grupos peninsulares e subgrupos dos partidos políticos. Aquí, a forza, a masa que se move e que traballa, temol-a nós. E aproveitarémol-a o máximo. Uns días antes de recibir a túa carta, recibíramos unha do teu fillo Xavier, valerosamente indignado. Contestámoslle felicitándoo pol-a súa posición, verticalmente galega. E espresán-dolle a nosa aprobación e o noso apoio. Escusado decir que igual apoio e felicitación damoscha a ti. O noso grupo dirixente de eiquí fai-se lenguas da maneira discreta, intelixente e altamente proveitosa, con que ti levas os traballos da representación. Felicitámoste a ti e felicitámosnos nós por contar co teu valioso traballo!

..

O 14 de Julio – toma da Bastilla – realizaremos aquí o gran aito público de que xa che falara, organizado por vascos, galegos e catalans, pra proclamar que o 18 de Julio

de 1936, marca o último e definitivo fracaso da España centralista, do seu Estado sin raiz popular, ó que hai que lle poner fin, pra crear a nova Comunidade plurinacional, federal e democrática con traieitoria de abaixo pra riba. O mitin, nun gran teatro, constaría de varios partes: os tres himnos; números representativos do arte de cada pais e tres discursos: un vasco, un catalán e un galego que o farei eu. A seguido leerase un manifesto-proclama, esplicativo, que será divulgado "urbi et orbi". Como preliminar, pilo de afiches en colores, follas voandeiras, frases radiales e demais, contra o atual réximen franquista, e os demais reximens que o viñeron incubando ó longo de seculos. Agardamos que o aito sea un suceso, en parte o principio da resposta os nosos separadores. Ahí mesmo — antes non por razós políticas — darei eu a conocer, debidamente apimentado, o sucedido ahí.

Mentras tanto rógoche que si non-o fixeches ainda, non lle comuniques nada a Irmandade Galega do sucedido, até despois do 14 de Xulio. A razón e a seguinte: No seo da Irmandade milita un seitor, aitivo e valeroso, estremista-separatista, que aitúa con nós pra derribar a Franco e conquistar a libertade de Galicia. Xente moza e arriscada, que,

Consello de Galiza
Presidencia

de saber ocurrido ahí coa nosa representación en París tivera o mitin en aititude especialmente belicosa, que podería sacal-o dos cauces serenos, responsables, aínda que enérxicos, en que nós queremos que discurra, o menos pol-o de agora. Despois xa veremos.

<u>Magnífico o capítulo Perfecto López</u>. Moi requetebén. Escribiulle a Rodolfo Prada desde Lucerna, enormemente impresionado da sua estancia en París. Fálalle de ti e da tua labor ahí, en términos de extraordinaria gabanza. Temos a impresión de que fixéchedes con él un "capo-lavoro", como din os italianos. Perfecto saliu moi pesaroso por non haberse topado ahí con don Jesús Canabal pra tratar con él acerca da representación. Estamos seguros de que a presencia do señor Canabal, fará — claro que cada un no seu — o "pendant" de estas visitas a París.

Os amigos de Francia eiquí, que somos moitísimos, pasamos días de verdadeira angustia pol-a recente crisis. Coincidimos contigo na apreciación da solución dada, incluso no significado romano-republicano da dictadura. &c

Gaulle. É que Francia sigue sendo Francia. A súa mesma, o seu bon senso e o seu espírito civil e civilizado, permiten o milagre de que un militar isto duro e personalmente antipático, resulte a derradeira posibilidade de que Francia siga sendo o que foi e o que seguirá sendo, ¡gracias a Deus! Se o que pasou ahí pasara n-outros sitios, que ti e eu conecemos, a degollina ouvera sido universal. Alí onde un "cidadán" do "común", o ver pasar camiño da Forca a don Alvaro de Luna, comentaba: "Esta es Castiella, que face los homes et los desface".

..

E nada mais por hoxe. Xa che comunicarei novas sobre outras cousas. Saudos e novas felicitacións de todos. Alvaiña e Alonso Ríos devolvenche o cordial recado. Da miña parte unha forte aperta.

Ramón Suárez Picallo

Escríbenos despois da visita do Xenro Canabal.